

## A OUTRA CARAPUCHIÑA VERMELLA

**Narrador:** Seguro que todos vós coñecedes o conto da Carapuchiña Vermella, non? Coitada da Carapuchiña e da avoa, devoradas polo lobo. É unha pena, verdade? Pois parece ser que nos enganaron a todos. Creo que o conto non foi así. Vós credes realmente que unha avoa podería vivir soa no medio do bosque? E é posible que unha mamá mande a súa filliña por un camiño onde anda o lobo? E aínda por riba cun cesto cheo de comida! E o máis increíble: que os cazadores saquen a Carapuchiña e a avoa da barriga do lobo e que non lle pase nada a ninguén! Vamos ver como foi a historia verdadeira...

### ESCENA 1

*Entra o lobo queixándose.*

**Lobo:** Que cousa! Ter que fuxir todo o día dos cazadores, que pesados con tanto disparo e tanta escopeta. Ui, quen ven aí?

*O lobo escóndese atrás dunha árbore.*

**Carapuchiña:** Lobo! Lobiñooooo! Onde estás?! Ven aquí, anda.

**Lobo** (*escondido, fala para o público*): Non a soporto! Non a aturo! Sempre detrás de min, esta é outra que tal baila!

**Carapuchiña:** Lobo! Ven que che trouxen un pastel riquísimo! Mira, mira!

**Lobo:** Non quero nin saber o que ten ese pastel! Debe ser veneno!

**Carapuchiña:** Sae xa, Lobo! Que teño que ir á casa da miña avoa que está doente na cama!

**Lobo:** Unha avoa doente na cama! Esa ten unha marcha que non para! Sempre de excursión co inserto, sempre no bingo, coñece todas as cafeterías do bosque. E monta cada festa na súa casinha humilde! Tremendo chulé que ten a avoíña! Que mentirosa esa Carapuchiña.

**Carapuchiña:** Estás aí, Lobo! Ven, ven. (*O lobo tarda*) Ven xa, que tes que saír no conto! (*O lobo aparece lentamente*) Pero dixéronme que corrías moito! Que mal andamos, eh! A ver, como era o teu papel?

*O lobo levanta o brazos, abre a boca e intenta asustar timidamente o público e a carapuchiña. Carapuchiña báixalle os brazos, péchalle a boca e dálle palmadas nas costas.*

**Carapuchiña:** Xa non asustas nin unha mosca, amigo! Déixate de rollos e vamos ao importante: vamos botar unha carreira. A ver quen chega antes a casa da miña avoa. Ti vas pola esquerda e eu pola dereita, vale?

**Lobo:** Carapuchiña, pola esquerda hai moitas silvas e moitas pedras. Non vou ser capaz de pasar.

**Carapuchiña:** Pois para iso ti es o lobo! E hai máis: eu saio correndo e ti contas ata 10 antes de comezar a correr.

**Lobo:** Pero eu non sei contar! Nunca fun á escola!

**Carapuchiña:** Os nenos axúdante, ala! Ata logo!

*Carapuchiña sae pola dereita.*

*O lobo conta ata 10 pedindo axuda aos nenos e mostrando os dedos das mans. Despois marcha pola esquerda lentamente.*

### ESCENA 2

*Entra a Nai da Carapuchiña*

**Nai:** Por favor, que pesada é esta miña filla Carapuchiña. “Mamá, quero isto! Mamá, quero o outro!” Que lle vaia pedir á súa avoa que é millonaria! Eu teño que traballar moito. Entón díxenlle: lévalle este pastel á túa avoa e vas dando un paseo. Así descanso un pouco, por fin.

*A Nai mira para un lado e parece ver alguén.*

**Nai:** Pero, quen está alí? É o lobo! Lobo! Lobo! Ven, anda!

*O lobo entra.*

**Nai:** Que che pasa que estás tan triste?

**Lobo:** É que non aguanto máis a súa filla, señora Carapucha! É tan pesada! Tan retorcida! E mandoume ir ata a casa da avoa polo camiño das pedras!

**Nai:** Ai, se a collo, que bruta é! Mira, ti nin caso, non vaias polo camiño das pedras. Fai así: vas por aquí, colles pola veiga do tío Perico, cruzas polo medio do colexio Mosteiro con coidadiño que hai unha árbore que está para caer en riba de alguén e pouco máis adiante xa está o chulé da avoa. Chegas rapidísimo.

**Lobo:** Ai, que veñen aí os cazadores de novo! Voume rapidamente! Adeus.

*(Sae o lobo)*

**Nai:** Adeus, lobo. Non te preocupes que xa entreteño eu aos cazadores.

*(Entran os cazadores, con lentes grosos de choscos, empuñando escopetas)*

**Cazador 1:** Señora Carapucha! Que fai por aquí? Non vería o lobo feroz?

**Cazador 2:** Creo que foi por alí, si, por alí que o vin marchar! (*sinála co dedo ao público*)

**Nai:** Pero que lobo feroz?! Os lobos non fan nada. Perigosa é a miña filla, a carapuchiña, esa é unha gamberra de cuidado! Mirade, se queredes ver o lobo, foi por aquí, pola esquerda, si, si.

**Cazador 1:** Graciñas, señora Carapucha! Non sabe como llo agradecemos. Ata logo!

**Nai:** Ata logo!

*Saen os cazadores e a Nai.*

*Péchase o telón para cambiar o escenario e sae o narrador.*

**Narrador:** Que raro está este conto! Como era que continuaba?: creo que o lobo chegaba primeiro á casa da avoa, comía a avoa, e despois esperaba na cama pola Carapuchiña, non? Pois creo que aquí a cousa non vai ser así! Os cazadores van polo camiño equivocado. O lobo non ten forzas nin para correr. E a Carapuchiña vai ser a primeira en chegar a casa da avoa! Mirade como continúa.

### ESCENA 3

*Vese unha habitación con cama e un sillón no centro do escenario, na casa da avoa.*

*Entra a Carapuchiña.*

**Carapuchiña:** Avoa, onde estás? Que xa cheguei!

*Aparece a criada da avoa:*

**Criada:** Boas tardes, señorita Carapuchiña. A súa avoa díxome que non quería o pastel da súa nai porque é moi mala cociñeira. Pode tiralo ao lixo.

*Carapuchiña entrégalle o pastel.*

**Carapuchiña:** Déixateme de parvadas e chama a miña avoa agora mesmo que xa ven aí o lobo.

**Criada:** De inmediato, señorita Carapuchiña.

*Entra a avoa, vestida con chupa de coiro, rulos no pelo, un vaso e unha botella na man.*

*Carapuchiña sorpréndese co look da avoa e preséntaa ao público.*

**Carapuchiña:** Mirade que avoa tan moderna! Como mola! Uau!

**Avoa:** Menos lobos, caperucita! A ver, que fixeches co lobo de verdade?

**Carapuchiña:** Mandeiño por un camiño cheo de pedras. Ha, ha, ha, vai chegar feito un trapo.

**Avoa:** Moi ben, moi ben, moi ben. Así me gusta. E cando chegue vamos facer o seguinte: ofrecémoslle un pouquiño deste líquido máxico que o vai deixar mareado e aparvado, sentámolo aquí no sillón e rimos un pouco con el.

**Carapuchiña:** E para terminar, tirámolo á piscina e chamamos os cazadores e pin! pan! pun! He, he, he.

*Entra o lobo, moi canso.*

**Lobo:** Boas tardes, señora avoa. Ola, carapuchiña. Que tal?

**Avoa:** Nós moi ben. Non queres beber un pouco desta auga fresquiña?

**Lobo:** Pois si que apetece. Veño tan canso!

*O Lobo bebe un pouco do líquido.*

**Lobo:** Ai, que mareo estou sentindo!

**Carapuchiña:** Ha, ha, ha. Senta aquí, lobo, que vas estar moi cómodo.

**Avoa:** Mira, lobo, viste esta roupa que vas estar moi guapiño, ha, ha, ha!

*Levántanno e vístenlle o camisón da avoa.*

**Carapuchiña:** E con estas gafas vas á última moda! Ha, ha, ha.

**Avoa:** Agora ven aquí que che queremos mostrar a miña piscina climatizada.

*Levantan o lobo e lévanno agarrado dos brazos en dirección ao público, que é onde está a piscina.*

**Carapuchiña (falando para o público):** Vamos contar ata tres e tiramos o lobo, vale? 1....., 2.....

*Entran os cazadores choscos, apuntando as armas á Carapuchiña e á avoa.*

**Cazador 1:** Quieta parada, Carapuchiña. Os teus días de maltrato animal remataron.

**Cazador 2:** Iso, deixade o lobo en paz que non vos fixo nada. (O cazador 2 colle o lobo e séntao de novo)

**Cazador 1:** E agora ides ser vós as que vos ides mollar na piscina. A saltar para dentro da piscina!

**Avoa:** Teño piscina pero non sei nadar!

**Carapuchiña:** Non, por favor, eu tampouco sei nadar! Perdón, perdón, non vou ser mala nunca máis!

**Avoa:** Perdón, perdón!

*Entra a Nai en escena. Fala para o público.*

**Nai:** Preguntámoslle ao lobo se as perdoa? Lobo, perdoas á Carapuchiña e á avoa?

**Lobo:** (dirixíndose ás dúas) Perdóovos se non o volvedes facer nunca máis, vale?

**Avoa:** Vale, lobo! Grazas.

**Carapuchiña:** Vale, lobo! Grazas.

*Abrázanse lobo, avoa e carapuchiña no medio do escenario. Os demais aplauden e piden aplausos.*

**Todos xuntos:** E COLORÍN COLORADO, ESTE CONTO ESTÁ REMATADO!

*Escoitase a canción do Lobo Feroz. Todos bailan no escenario.*